

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 8 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 61/2011, do 24 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, regula o marco de referencia para adaptar a organización e o funcionamento das citadas escolas dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ás exixencias da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Convén, en consecuencia, desenvolver o marco establecido polo citado regulamento orgánico co fin de proporcionar e concretar as directrices que faciliten a organización e o funcionamento das ditas escolas, especialmente nos aspectos recollidos no seu título III.

Esta orde ten a intencionalidade normativa de proporcionar un marco referencial estable, pero dotado ao mesmo tempo da flexibilidade suficiente para a organización e funcionamento das escolas de arte e superiores de deseño dentro da súa autonomía que lles permita afrontar os seus fins e as súas funcións e mellorar as relacións coa comunidade e co ámbito produtivo.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 2/2007, do 28 de marzo, e 12/2007, do 27 de xullo, e do que lle atribúe o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto desta orde é desenvolver o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Esta orde é de aplicación nas escolas de arte e superiores de deseño de titularidade da Xunta de Galicia. Tamén é de aplicación nos centros autorizados de artes plásticas e deseño en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela.

Artigo 2. Proxecto funcional: elaboración e contido.

1. O proxecto funcional será elaborado polo equipo directivo conforme o que se establece no artigo 39 do Decreto 61/2011, do 24 de marzo.

2. Unha vez aprobado pola xunta de escola, será remitido antes do 30 de setembro ao Servizo de Inspección Educativa.

Artigo 3. Plan anual: elaboración e contido.

1. O procedemento de elaboración e o contido do plan anual axustaranse ao disposto no artigo 42 do Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño.

2. O plan anual articularase en varios documentos. A elaboración dos distintos documentos realizarase de xeito gradual en función dos seus contidos, e conformarase en tres capítulos.

3. O capítulo I do plan anual incluirá as letras:

a) Modificacións ao proxecto funcional da escola, de ser o caso, agás o referente ao plan de autoprotección.

b) Obxectivos específicos da escola de arte e superior de deseño para o curso académico.

c) Medidas e recursos dispoñibles para a consecución dos obxectivos propostos.

d) Orzamento anual.

e) Horario xeral da escola de arte e superior de deseño.

f) Documento de organización de servizos complementarios, de ser o caso. Será elaborado só naquelas escolas de arte e superiores de deseño que presten, organicen ou

supervisen os ditos servizos e, polo menos, fará referencia ao número de persoas que os empregan, a organización, o orzamento e a participación doutros organismos.

g) Calendario de avaliación do plan anual e de auditorías internas do sistema de calidade.

Os documentos relativos ao capítulo I remitiranse ao Servizo de Inspección Educativa antes do 30 de setembro.

4. O capítulo II do plan anual estará composto por:

a) Documento de organización da escola (DOC), facilitado pola Inspección Educativa, que deberá ser cuberto de acordo coas instrucións que se xunten.

b) As programacións de cada acción formativa existentes na escola, segundo o establecido na normativa que as desenvolva.

Os documentos relativos ao capítulo II remitiranse ao Servizo de Inspección Educativa antes do 15 de outubro.

5. O capítulo III do plan anual estará formado polos seguintes documentos:

a) Listaxe do profesorado que participe en programas de innovación, se é o caso, con mención expresa dos ditos programas e as datas correspondentes.

b) Plans anuais das áreas funcionais.

c) Programas de actuación dos departamentos da escola de arte e superior de deseño.

d) Programa anual de formación do profesorado.

e) Programa de promoción da lingua galega e de linguas estranxeiras.

f) Programa anual de actividades complementarias á formación.

g) Plan de autoprotección.

h) Informe sobre a execución do orzamento anual referido á estrutura do curso académico e previsións de execución deste ata o remate do dito curso académico, redactado conforme o establecido no artigo 43 do Decreto 61/2011, do 24 de marzo.

Os documentos relativos a este capítulo serán remitidos ao Servizo de Inspección Educativa antes do 15 de novembro.

Artigo 4. *Memoria anual.*

1. O procedemento de elaboración e contido da memoria anual axustaranse ao disposto no artigo 42 do Decreto 61/2011, do 24 de marzo.

2. As conclusións máis relevantes das actuacións e actividades desenvolvidas e avaliadas segundo os criterios e indicadores establecidos nos correspondentes documentos de xestión e/ou por medio do sistema de calidade implantado serán recollidas polo equipo directivo na memoria anual que se remitirá antes do 10 de xullo ao Servizo de Inspección Educativa e á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

3. A avaliación do cumprimento do proxecto de orzamento da escola reflectirase analizando a desviación, por partidas, entre as cantidades orzadas e as realmente executadas. Xuntaranse, no lugar correspondente, informe da secretaría da escola xustificativo do gasto, aprobado pola xunta de escola.

Artigo 5. *Proxecto lingüístico.*

O proxecto lingüístico de acordo co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- Marco legal e contexto sociolingüístico.
- Competencias, obxectivos xerais e liñas de actuación.
- Procedementos de promoción de linguas.
- Procedementos e actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación.

- Procedementos e actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e comunicación.

- Criterios e indicadores de calidade para a avaliación do proxecto lingüístico.

Artigo 6. *Plan de autoprotección.*

1. O plan de autoprotección deberá cumprir coa normativa vixente en materia de saúde e seguridade e polo menos conterá os seguintes puntos:

- Descrición detallada da actividade e do medio físico en que se desenvolve.
- Inventario, análise e avaliación de riscos.
- Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección.
- Programa de mantemento de instalacións.
- Plan de actuación ante emerxencias.
- Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.
- Implantación do plan de autoprotección.
- Mantemento da eficacia e actualización do plan de autoprotección.
- Directorio de comunicación.
- Formularios para a xestión de emerxencias.
- Planos.

2. O documento será presentado ao claustro de profesorado e aprobado pola xunta de escola. Unha vez aprobado, deberá remitirse unha copia do plan de autoprotección á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e aos servizos de protección civil da localidade en que estea a escola de arte e superior de deseño.

3. Os servizos de inspección velarán por que todas as escolas de arte e superiores de deseño dispoñan do seu plan de autoprotección. As escolas deberán levar a cabo un simulacro de evacuación polo menos unha vez ao ano, do cal deberá deixar rexistro para a súa incorporación no propio plan de autoprotección.

Artigo 7. Plan anual de área funcional.

Cada área funcional do centro elaborará un plan anual que conciliará os obxectivos que desenvolverán os departamentos, equipos e/ou comisións que a integran, coa finalidade de lograr un uso eficiente dos recursos e mantendo o espírito de equipo.

Na súa formulación, deberanse ter en conta as estratexias de funcionamento e os procedementos de control que permitan medir a eficacia de cada unha das accións.

O plan anual das áreas funcionais incluírá, polo menos, os seguintes puntos:

- Contextualización, departamentos, funcións asignadas e persoas responsables.
- As liñas de actuación da área funcional: obxectivos, metodoloxía, persoas destinatarias, procedementos de xestión, orzamento, recursos previstos e temporalización.
- As colaboracións con outras entidades, empresas ou talleres.
- A definición dos procedementos para a identificación de oportunidades de accións futuras da área funcional.
- Os criterios e indicadores de calidade para a avaliación das actuacións e da área funcional.

Artigo 8. Departamentos de familia profesional.

Nas escolas de arte e superiores de deseño de Galicia poderanse constituír os seguintes departamentos de familia profesional, adscritos á área de formación, que incluírán tanto as ensinanzas dun ciclo ou especialidade completa como as ensinanzas modulares ou asociadas, regradas ou non, que figuren na oferta autorizada de ensinanzas da escola:

1. Departamento de ensinanzas de grao en deseño gráfico, que incluírá as ensinanzas de grao e posgrao en deseño gráfico.
2. Departamento de ensinanzas de grao en deseño de interiores, que incluírá as ensinanzas de grao e posgrao en deseño de interiores.

3. Departamento de ensinanzas de grao en deseño de moda, que incluírá as ensinanzas de grao e posgrao en deseño de moda.

4. Departamento de ensinanzas de grao en deseño de produto, que incluírá as ensinanzas de grao e posgrao en deseño de produto.

5. Departamento de ensinanzas profesionais de deseño gráfico, que incluírá as seguintes ensinanzas:

a) Ciclos da familia profesional artística de deseño gráfico.

b) Ciclos da familia profesional de artes aplicadas ao libro.

6. Departamento de ensinanzas profesionais de deseño de interiores, que incluírá as ensinanzas dos ciclos formativos da familia profesional de deseño de interiores.

7. Departamento de ensinanzas profesionais de deseño de moda, que incluírá as ensinanzas dos ciclos formativos da familia profesional artística de artes aplicadas da indumentaria.

8. Departamento de ensinanzas profesionais de deseño de produto, que incluírá as seguintes ensinanzas:

a) Ciclos formativos da familia profesional artística de deseño industrial.

b) Ciclos formativos da familia profesional artística de artes aplicadas da escultura.

c) Ciclos formativos da familia profesional artística de xoiaría artística.

d) Ciclos formativos da familia profesional artística de cerámica artística.

Calquera nova ensinanza que poida ser autorizada será incluída nalgún dos departamentos anteriores atendendo á natureza e o contido do seu currículo.

Artigo 9. *Programación de actuacións dos departamentos.*

1. As programacións de actuación dos departamentos concretarán as actividades que se desenvolverán segundo as liñas de actuación establecidas nos correspondentes plans anuais da área funcional.

2. As programacións de actuación incluírán, polo menos, os seguintes aspectos:

- Contextualización.
- Descrición das actividades que realizará o departamento onde se indiquen: obxectivos, metodoloxía, persoas destinatarias, procedementos de xestión, persoas responsables e tarefas asignadas, orzamento, recursos previstos e temporalización.
- Horario das reunións de departamento, de atención ás funcións e tarefas que se desenvolverán.
- Procedementos para o fomento da colaboración con empresas, estudos ou talleres nas distintas funcións asignadas aos departamentos.
- Proxectos de formación e innovación.
- Programas específicos que lle corresponda coordinar ou desenvolver.
- Criterios e indicadores para avaliación das actividades realizadas e do departamento.

3. Calquera outra actividade non deseñada antes do 15 de novembro deberá incluírse na memoria anual.

Artigo 10. Programa anual de formación do profesorado.

1. O programa anual de formación do profesorado será elaborado pola persoa responsable da coordinación de formación do profesorado, en colaboración cos restantes departamentos da escola.

2. Este programa terá en conta as propostas do claustro de profesorado e dos órganos de coordinación da escola, así como as actividades de formación organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. A escola integrará neste programa accións formativas destinadas ao profesorado doutros centros educativos en relación a novidades educativas, tecnolóxicas e de innovación, sistemas e procedementos TIC, procedementos de xestión, estadias formativas do profesorado, orientación profesional ou calquera outra actividade formativa relacionada co mundo das ensinanzas artísticas. Estas actividades deberán ser autorizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 11. *Programa de promoción da lingua galega e linguas estranxeiras.*

Este programa terá a mesma estrutura que o proxecto lingüístico no referido á lingua galega e, no seu caso, ás linguas estranxeiras.

Artigo 12. *Actividades complementarias á formación.*

1. Considéranse actividades complementarias aquelas actividades formativas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así, cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

2. Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas pola escola, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc., se realizan fóra de horario lectivo. En ningún caso o contido destas actividades pode ser igual ou similar ao dunha ensinanza oficial do currículo.

Cando as actividades extraescolares sexan organizadas por entidades e deban realizarse dentro dos locais e instalacións da escola, haberá que respectar a normativa reguladora da utilización destes locais e instalacións. Para a realización das ditas actividades é preceptiva a presentación por parte da entidade que as propoña dunha memoria descritiva, que incluíra, entre outras, a concreción do financiamento da actividade e a garantía da asunción plena da responsabilidade contractual respecto do persoal que a vaia desenvolver. A dirección e realización das actividades extraescolares requirirá a suficiente acreditación ou titulación cando así estea estipulado por unha norma legal ou regulamentaria.

3. A participación do alumnado nas actividades complementarias á formación requirirá a autorización previa por escrito dos pais/nais ou tutores/as sempre que a persoa participante sexa menor de idade e se desenvolvan fóra da escola de arte e superior de deseño. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender o alumnado que non participe nelas.

Artigo 13. *Horario da actividade lectiva.*

As escolas de arte e superiores de deseño poderán organizar a súa actividade lectiva entre as 8.00 e as 23.00 horas, de luns a venres.

Artigo 14. *Horario do profesorado.*

1. A xornada laboral dos/as funcionarios/as docentes será a establecida con carácter xeral para os/as funcionarios/as públicos/as adecuada de acordo co disposto na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e coas disposicións establecidas nesta orde.

2. O horario de dedicación a actividades na escola será de 30 horas semanais, de acordo co calendario escolar que anualmente establece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Destas 30 horas semanais, 23 serán de presenza obrigada na escola, que se distribuirán da seguinte maneira:

a) 23 horas de horario fixo semanal no centro:

Con carácter xeral, o horario semanal de cada docente será de 18 horas de docencia directa distribuídas de luns a venres, e poderán chegar a un máximo de 20 por necesidades da escola.

- Aos/ás docentes que impartan disciplinas integradas nos estudos de grao en deseño seranlles computadas como docencia directa no seu horario semanal as horas de titoría docente seguintes:

- Entre 4 e 6 horas de clase á semana impartidas ao alumnado de grao en deseño: unha hora de titoría docente.

- Entre 7 e 12 horas de clase á semana impartidas ao alumnado de grao en deseño: dúas horas de titoría docente.

- Trece o máis horas de clase á semana impartidas ao alumnado de grao en deseño: tres horas de titoría docente.

As horas de titoría docente serán de obrigada permanencia na escola para o/a docente, e serán programadas en horas en que os/as alumnos/as atendidos/as poidan asistir.

- Ademais, o horario de cada docente terá 1 hora semanal de titoría para a atención ao seu alumnado, e nais, pais e titores/as legais do alumnado menor de idade, se é o caso, e 1 hora de reunión de departamento. Para estes efectos, o profesorado que forme parte de

máis dun departamento asistirá á reunión do departamento en que impartan máis horas, agás naqueles casos en que a súa presenza sexa imprescindible.

- As horas restantes ata completar as 23 semanais na escola serán asignadas pola dirección para o desempeño das distintas funcións previstas no decreto para os/as coordinadores/as e titores/as ou, de ser o caso, a outras funcións que a dirección considere necesarias para mellorar o funcionamento da escola.

b) As restantes horas ata completar as 30 de dedicación semanal á escola seranlle computadas mensualmente a cada docente pola xefatura de estudos por:

- Participación nas reunións dos órganos de goberno e dos diferentes órganos de coordinación.

- Organización e participación en actividades culturais e de promoción destas ensinanzas aprobadas no programa anual correspondente.

- Titoría de profesorado en prácticas.

- Traballo en equipos docentes de proxectos institucionais en que participe a escola.

3. O horario semanal que exceda o establecido para actividades no centro ata completar o horario xeral establecido para os/as funcionarios/as dedicarse:

a) Á preparación das actividades docentes, tanto lectivas como non lectivas.

b) Ao perfeccionamento profesional, que poderá incluír:

- A asistencia a actividades de formación programadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou outras aprobadas pola Inspección Educativa.

- A participación noutras actividades autorizadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa considerando as necesidades formativas dos diferentes colectivos profesionais no contexto social da escola.

- En xeral, á atención dos deberes inherentes á función docente.

4. A permanencia mínima diaria de cada docente na escola non será inferior a 3 horas de luns a venres.

5. No caso de que un/unha profesor/a teña unha asignación horaria docente inferior a 18 horas semanais, ou ben que esta circunstancia se produza nalgún momento do curso académico, en función das distintas ofertas formativas, a dirección da escola, a través da xefatura de estudos, asignará horario docente complementario ata completar un mínimo de 18 horas semanais.

6. No caso de que non sexa posible completar o horario docente dun/dunha profesor/a, segundo o disposto no punto anterior, a dirección da escola asignará ao dito profesorado as tarefas que considere necesarias para mellorar o funcionamento da escola, en especial as relacionadas con actividades de apoio ás distintas coordinacións.

Artigo 15. Reducións horarias do profesorado.

1. Órganos de goberno unipersoais:

As persoas responsables da dirección, vicedirección, xefatura de estudos e secretaría poderán ter unha redución de ata 14 horas de docencia.

2. Órganos de coordinación:

a) As xefaturas de departamento de familia profesional poderán ter ata 3 horas de docencia directa.

b) A xefatura de departamento de calidade e promoción das ensinanzas, a xefatura de departamento de relacións con empresas, estudos ou talleres, e a coordinación do equipo de dinamización da lingua galega poderán ter unha redución de ata 3 horas de docencia directa.

c) Os/as titores/as de formación en empresas, estudos ou talleres por cada ciclo formativo e especialidade poderán ter unha redución de ata 2 horas de docencia directa.

d) O/a titor/a de material poderá ter unha redución de ata 3 horas de docencia directa.

3. No caso de que un/unha docente exerza máis dun cargo, as reducións establecidas neste artigo non poderán ser acumulables.

4. Calquera modificación horaria que non se axuste ao establecido nestas instrucións requirirá a autorización expresa da Inspección Educativa, logo de solicitude motivada da dirección da escola.

Artigo 16. *Elección de horarios.*

1. Na primeira semana de setembro, a xefatura de estudos comunicarlles ás xefaturas dos departamentos de familia profesional o número de grupos correspondentes a cada un deles. Os horarios elaboraranse tendo en conta as propostas das xefaturas de departamento de familia profesional, de acordo cos criterios de equidade establecidos previamente por el.

2. Cada departamento reunirase en sesión extraordinaria para a elección dos distintos horarios. Na dita reunión levantarase acta, que será asinada por todos os membros que constitúan nese momento o departamento, e ao final da reunión cada departamento entregará copia da acta co resultado da elección de horarios á xefatura de estudos.

3. A elección de horarios realizarase en cada departamento de familia profesional preferentemente por consenso. No suposto de non existir este, o profesorado elixirá, dentro da súa atribución docente, na seguinte orde:

a) Persoal que accedeu ao centro en virtude de procedementos de provisión de postos de traballo convocados con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto:

i) O/a catedrático/a máis antigo/a no corpo.

ii) Persoal docente con maior número de anos de servizo efectivo como funcionario ou funcionaria de carreira nos corpos docentes con competencia docente no nivel educativo, con destino definitivo no centro.

iii) Persoal docente con maior antigüidade con destino definitivo na praza.

iv) O ano máis antigo de ingreso no corpo.

v) A pertenza ao corpo de catedráticos.

vi) A maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

b) Persoal que accedeu ao centro en virtude de procedementos de provisión de postos de traballo convocados con posterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto:

i) Persoal docente con maior antigüidade con destino definitivo na praza.

ii) Persoal docente con maior número de anos de servizo efectivo como funcionario ou funcionaria de carreira nos corpos docentes con competencia docente no nivel educativo.

iii) O ano máis antigo de ingreso no corpo.

iv) A pertenza ao corpo de catedráticos.

v) A maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

c) No suposto de que non existise persoal do corpo de catedráticos que accedese ao centro por un procedemento de provisión convocado con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, terá prioridade na elección de horarios un catedrático ou catedrática que accedese ao centro por un procedemento de provisión convocado posteriormente.

4. Ningún/ningunha docente con destino definitivo na escola poderá escoller materias, módulos ou disciplinas de cursos ou niveis inferiores mentres non quede cuberta a asignación lectiva dos cursos ou niveis superiores.

5. Despois da elección de horarios, a xefatura de estudos procederá a elaborar a proposta de horarios completos do profesorado, respectando o establecido nesta orde. O horario semanal de cada docente deberá incluír as 23 horas de presenza obrigada semanal na escola.

6. A aprobación provisional dos horarios do profesorado correspóndelle á dirección da escola, que os remitirá á Inspección Educativa para a súa revisión na primeira semana de setembro. No caso de non axustarse á normativa, a Inspección devolverá os horarios á escola para que se realicen as correspondentes modificacións no prazo de 5 días.

7. A aprobación definitiva dos horarios do profesorado correspóndelle á xefatura territorial.

Artigo 17. *Cumprimento do horario por parte do profesorado.*

1. O control do cumprimento do horario e da asistencia do profesorado corresponde á xefatura de estudos. A tal fin, a dirección da escola establecerá o procedemento e sistema de control de asistencia que considere máis adecuado, que se integrará como un procedemento máis do sistema de xestión de calidade.

2. As 23 horas de presenza semanal na escola terán o carácter de lectivas para os efectos de asistencia e permisos, así como as horas de reunión de órganos colexiados e de coordinación.

3. Antes do día 5 de cada mes, a persoa responsable da dirección da escola deberá enviar á Inspección Educativa, e publicar no taboleiro de anuncios para o profesorado, os partes de faltas relativos ao mes anterior. No modelo que para tal efecto se estableza incluíranse as ausencias ou faltas de puntualidade de acordo co horario persoal da persoa interesada en cada caso, con independencia de que estea ou non xustificada a ausencia. Os xustificantes e solicitudes debidamente cubertas e asinadas polo profesorado correspondente quedarán na escola á disposición da Inspección Educativa.

4. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, todas as faltas de asistencia ou puntualidade non xustificadas serán comunicadas pola dirección, no prazo de sete días de se produciren, á xefatura territorial, co fin de proceder á correspondente dedución de haberes, logo de audiencia da persoa interesada ou, se for o caso, para iniciar a tramitación do oportuno expediente. Da dita comunicación darase conta por escrito simultaneamente á persoa interesada.

5. Cando a Inspección Educativa constate calquera incumprimento por parte do equipo directivo, ou de calquera dos seus membros, das responsabilidades que esta orde lles confire no control de asistencia do profesorado, sexa por non enviar o parte de faltas, por facelo fóra de prazo ou por non realizar as notificacións correspondentes a que se refire o punto anterior, comunicarllo á xefatura territorial para que actúe en consecuencia.

6. A solicitude e concesión, se procede, dos permisos e licenzas do persoal docente seguirá o disposto na normativa específica vixente.

Artigo 18. *Xestión de calidade.*

1. As escolas de arte e superiores de deseño actuarán seguindo os procedementos do sistema de xestión da calidade que se implante e incluíran os indicadores e criterios de avaliación que busquen sempre a mellora continua e avaliación do sistema de calidade nos seus plans, procedementos, actuacións e accións que desenvolver.

2. As funcións propias do/a responsable de calidade da escola de arte e superior de deseño serán exercidas pola persoa que desempeñe o cargo de xefe ou xefa do departamento de calidade e innovación, en estreita colaboración co equipo directivo.

3. Os procedementos do sistema de calidade implantado serán de obrigado cumprimento para todas as persoas que traballan na escola. Así mesmo, as xuntas de escola e os seus membros deberán cumprir con todos os procedementos que lles atinxan.

Artigo 19. *Inspección educativa.*

A Inspección Educativa asesorará os equipos directivos para un mellor cumprimento dos fins e funcións das escolas e velará polo cumprimento da normativa. Así mesmo, porá en coñecemento da persoa responsable da xefatura territorial correspondente os incumprimentos que dela se produzan.

Disposición adicional única.

No momento da entrada en vigor desta orde cesarán nas súas funcións as xefaturas de seminario, os/as coordinadores/as de ciclo ou especialidade e calquera outro/a responsable dos órganos de coordinación didáctica nas escolas de arte e superiores de deseño.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde en relación ás escolas de arte e superiores de deseño.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Quedan autorizados/as os/as titulares das direccións xerais de Centros e Recursos Humanos e de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar todos os actos e medidas que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de setembro de 2011.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria